



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA
www.steg.gal

A CORUÑA R/ Alcalde Asúnsolo 2, oficina 9; 15007 / tfno: 981154031

SANTIAGO R/ Pitelos , 35 ; local 2. Galerías Viacambre / tfno-fax: 981 580700

LUGO R/ Conde, 31, entrechán esquerda; 27003 / tfno-fax: 982 240066

OURENSE R/ Bedoya nº 5, 2º dereita; 32004 / tfno-fax: 988252323

PONTEVEDRA Praza Curros Enríquez, 1 oficina 201; 36002 / tfno-fax: 986 857545

Resumo da Xunta de Persoal da Xefatura Territorial de Educación de Ourense

Mércores, 7 de abril de 2021

Asisten: STEG, CIG, CC.OO, FETE-UXT, ANPE e CSIF, Raquel Tourís Noriega (responsable do servizo de Recursos Humanos na provincia) e o inspector xefe Jose Fisteos Suengas.

1. Posibles modificacións para a mellora da rede de servizos de orientación na provincia de Ourense.

Falamos do que xa pedíamos en anteriores ocasións da praza de orientación compartida entre CEIP A Inmaculada e o CEE Miño, que non é suficiente. O CEE Miño xa tería que ter unha praza sen compartir, e hai que ver con quen pode compartir o CEIP A Inmaculada. Fisteos comprométese a estudialo e a falar coa titular da praza.

Solicitamos que se estudie tamén o caso do CEIP Padre Crespo de Xunqueira de Ambía adscrito na rede de orientación ao CEIP Vilar de Barrio, pero que neste momento ten o dobre de alumnado e participa en múltiples proxectos de innovación educativa.

2. Como afectarán á provincia de Ourense as noticias de transformación de IES en CIPFs.

Afirma Fisteos que para o curso que ven non está prevista a conversión de ningún centro da provincia en CIPF.

3. Incidencias da vacinación COVID:

Resultas xa na case totalidade. Depende das direccións dos centros pasar as incidencias á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e desta Dirección enviarlle os listados ao SERGAS. Non é de forma inmediata que se chaman a vacinar ás persoas que se incorporan despois dunha IT, pero si que se están a chamar. O procedemento depende da Consellería de Sanidade.

En canto ao profesorado español provisional en Marruecos non se está a vacinar, mentres que ao definitivo si. Raquel Tourís di que entende que se vacinarán unha vez se incorpore en Galicia.

4. Dotación de EPIs as traballadoras e traballadores dos centros educativos.

Seguimos demandando mascarillas FFP2 para todo o profesorado, mascarillas transparentes homologadas para o profesorado e o alumnado que o precise e medidores de CO2 nas aulas. O

STEG entende que hai que poñerse no peor dos escenarios para o curso que ven, e ter previstas medidas para que tanto o profesorado como o alumnado dos centros educativos de Galicia non teñan que volver a traballar nas condicións que tiveron que asumir este curso de temperaturas mínimas nas aulas.

5. Posibles vacantes de última hora do CXT.

Fisteos di que faltan as resultas do concurso de orientación de primaria e de adultos, despois das definitivas saíran as vacantes.

Di que no CEIP de Celanova teñen que saír vacantes de EP e EI que por erro non aparecían.

6. Procedementos na comunicación do profesorado e as OOSS coa administración, debido ás dificultades que se están a atopar.

Falamos neste punto da presión exercida pola inspección educativa na última semana do trimestre pasado para ter as aulas virtuais actualizadas, aínda sen alumnado confinado, e para utilizar as plataformas corporativas. Fisteos alude á cantidade de datos que lle son solicitados dende a Consellería ao servizo de inspección, e que por iso os inspectores/as deben solicitalos aos centros. En canto ás plataformas corporativas di que é por un tema de protección de datos dos menores. Entende que o traballo que se fixo nos centros foi ímprobo, e que tanto equipos directivos como profesorado son os responsábeis directos de que as clases presenciais puidesen ter continuidade todo o curso.

7. Rogos e preguntas

Fala Fisteos do labor do equipo provincial AVA, formado neste momento por un PES de FQ, un PES de LG e dous mestres/as. Preguntamos pola contratación. Di que os dous mestres/as xa estaban traballando en atención domiciliaria, e que os dous PES buscáronse entre o profesorado con experiencia, sendo substituídos por interinos. Ao preguntarlle por que non foran contratados das listas para este equipo, dixo que se buscaba xente con experiencia. O STEG considera paradóxico que estes profesores/as foran substituídos por interinos/as nos centros nos que estaban destinados, interinos/as que tiveron que manter actualizada a aula virtual, da que o equipo AVA colle o que debe dar na súa docencia telemática co alumnado asignado.

Agora mesmo hai entre 8 e 10 alumnos/as atendidos. Déuse a opción ás familias do alumnado de atención domiciliaria de pasarse a teledocencia por este equipo e algún alumnado procede destes casos. Outro alumnado foi autorizado pola Comisión de Seguimento do Absentismo formada a raíz da pandemia.

Xa finalizado o período de admisión nos centros, o STEG pregunta que escenario se vai ter en conta para autorizar os grupos, e de que ratio se está a falar. Fisteos responde que vaise ter en conta o

escenario actual, cos protocolos actuais (distancia de 1,5m), a non ser que antes de que salgan os listados do alumnado admitido nos centros, se indique o contrario dende a Consellería. Incidimos na necesidade de traballar co peor dos escenarios para ser previsores. En todo caso, unha ratio baixa, non perxudicaría ao alumnado nin ao profesorado aínda que a situación sanitaria mellorase.

Remata a reunión ás 13:00 h.